

Pesticidas no agro: un inimigo silencioso para a saúde das mulleres labregas

A utilización de agrotóxicos na agricultura, introducidos coa mal chamada revolución verde e amplamente empregados na produción de alimentos, especialmente nos sistemas máis intensivos, converteuse nunha ameaza para a saúde das mulleres labregas, que enfrontan un maior risco de desenvolver enfermidades crónicas e trastornos reprodutivos. Na Galiza, onde o sector agrícola é vital para a economía, esta problemática adquire especial relevancia, afectando a miles de mulleres que traballan no agro.

Impacto do uso de pesticidas na agricultura

Segundo datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en 2021 utilizáronse máis de 30.000 toneladas de produtos fitosanitarios no país. O manexo de pesticidas, fertilizantes e outros produtos químicos pode causar intoxicacións, queimaduras, irritacións e enfermidades a longo prazo. Aínda que existen regulacións para controlar o seu uso, a exposición a estes químicos segue sendo un risco latente para a saúde das persoas labregas, particularmente para as mulleres, que debido a factores biolóxicos e socioeconómicos, se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade.

É importante destacar que existen outras formas de producir alimentos sen recorrer ao uso de pesticidas químicos. A agroecoloxía defende unha maneira de producir baseada no respecto ao medio ambiente, ás persoas e ás relacións entre ambos. Este enfoque promove prácticas agrícolas sostibles que coidan os ecosistemas e favorecen a saúde tanto das produtoras como das consumidoras.

Achados preocupantes

Diversos estudos científicos revelaron un aumento preocupante na incidencia de enfermidades graves entre as labregas expostas a pesticidas. Investigacións do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST, 2015) asociaron esta exposición cun maior risco de desenvolver cancro de mama en comparación coa poboación xeral. Así mesmo, a Revista Española de Saúde Pública asociaron esta exposición cun maior risco de cancro de mama, abortos espontáneos e menopausa precoz.

Ademais, en diversos estudos científicos observouse un incremento nos casos de enfermidades neurolóxicas, respiratorias e alteracións hormonais entre as mulleres expostas a estes químicos no sector agropecuario, como a exposición a disruptores endócrinos pode afectar gravemente a saúde reprodutiva das mulleres, alterando a produción de hormonas sexuais como estróxenos e proxesterona, reducindo a reserva ovárica e a calidade dos óvulos, e aumentando o risco de padecer condicións como endometriose e síndrome de ovario poliquístico. Estas alteracións non só dificultan a concepción, senón que tamén elevan o risco de abortos espontáneos, subliñando a necesidade de abordar esta problemática desde unha perspectiva de saúde pública.

Estes achados poñen de manifesto a urxente necesidade de tomar medidas para protexer a saúde das mulleres labregas con máis investigación para chegar a conclusións definitivas. A investigación adicional non só será crucial para confirmar ou refutar estas posibles diferenzas, senón que tamén podería revelar os mecanismos subxacentes que as orixinan.

Afondar na investigación sobre as diferenzas de sexo na saúde é un paso esencial cara a unha atención médica máis precisa e eficaz. Ao comprender mellor como o sexo inflúe nas distintas enfermidades, os profesionais da saúde poderán desenvolver estratexias de prevención e tratamentos que se adapten de maneira máis precisa ás necesidades de cada doente, garantindo unha atención de calidade para todos e todas. Para garantir a saúde das produtoras e das consumidoras, é esencial avanzar cara a outros modelos de produción máis sostibles no territorio e coas persoas, que non nos enfermen. A promoción da agricultura ecolóxica e a agroecolóxica, así como o fomento do consumo local e de proximidade, son alternativas que contribúen a reducir o uso de pesticidas e a exposición a estes químicos.

Factores de risco e vulnerabilidade

As mulleres labregas poden estar expostas a pesticidas a través de diversas vías, como a inhalación, o contacto coa pel e a ingestión accidental. Pero é necesario destacar que existen riscos específicos que aumentan a súa vulnerabilidade:

- A pel das mulleres tende a ser máis fina e sensible que a dos homes, debido en parte á menor produción de coláxeno e elastina, o que a fai máis susceptible á irritación, ás reaccións alérxicas e ás queimaduras químicas.

- Durante o embarazo e a lactación, a pel vólvese aínda máis sensible e permeable, incrementando o risco de absorción de substancias químicas que poden afectar o feto ou ao bebé lactante.

- A exposición repetida a substancias cáusticas e corrosivas pode provocar danos crónicos na pel, como dermatites, cicatrices e envellecemento prematuro en ambos os sexos, pero os efectos poden ser máis notables nas mulleres debido ás diferenzas hormonais e de estrutura da pel.

- A exposición prolongada a certos pesticidas e químicos agrícolas pode precipitar unha menopausa precoz, o que aumenta o risco de enfermidades cardiovasculares, osteoporoses, trastornos cognitivos e problemas de saúde mental. Ademais, pode afectar a súa capacidade laboral e o seu benestar emocional.

A falta de acceso a equipos de protección individual (EPIs) adaptados e a insuficiente formación no manexo seguro de pesticidas agravan esta situación. Ademais, a precariedade laboral e a informalidade no sector agrario galego aumentan a vulnerabilidade das mulleres, quen a miúdo traballan sen contrato e sen acceso a dereitos laborais básicos, como a baixa por maternidade ou a atención médica adecuada.

É preocupante a escaseza de información clara e veraz sobre os efectos a curto e longo prazo da exposición a pesticidas, tanto por inhalación como por consumo. A falta de estudos públicos e accesibles dificulta a concienciación e a toma de decisións informadas por parte das traballadoras e da sociedade en xeral. É fundamental promover a investigación independente e a divulgación dos resultados para que os riscos sexan coñecidos e abordados adecuadamente.

Medidas urxentes para protexer as mulleres labregas na Galiza:

Para protexer a saúde das nosas labregas, é fundamental aplicar medidas específicas e efectivas. Algunhas estratexias chave inclúen:

- Establecer programas de investigación que analicen os niveis de exposición a pesticidas nas mulleres labregas galegas, tanto de forma directa (no campo) como a indirecta (a través da auga, alimentos, etc.). Isto inclúe análises de biomarcadores en mostras biolóxicas e enquisas sobre prácticas de manexo de pesticidas.
 - Impulsar un cambio cara a prácticas agrícolas que minimicen o uso de pesticidas químicos. A agricultura ecolóxica e agroecolóxica ofrecen alternativas máis seguras para a saúde das traballadoras, das consumidoras e o ambiente. Fomentar o consumo local e de proximidade reduce a dependencia de grandes producións intensivas que requiren un alto uso de pesticidas.
 - A información é poder. As mulleres deben coñecer os riscos aos que se enfrontan e como protexerse. É fundamental brindarles formación sobre o manexo seguro de pesticidas, especialmente durante o embarazo e a lactación, así como sobre o uso correcto de equipos de protección persoal.
 - Non abonda con coñecer os riscos, hai que previlos. É crucial que as mulleres agricultoras teñan acceso a equipos de protección individual (EPIs) deseñados especificamente para elas, como luvas, gafas, máscaras e roupa protectora.
 - As leis existen para ser cumpridas. Cómpre aumentar a vixilancia e o control do cumprimento das normativas sobre o uso de pesticidas e a protección da saúde das labregas.
 - Garantir que as mulleres agricultoras teñan acceso a servizos de saúde de calidade, incluíndo programas de detección temperá e tratamento de enfermidades relacionadas coa exposición a pesticidas. Un programa de recoñecemento da saúde específico para as labregas, similar ao que se implementou no pasado desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), podería ser de gran utilidade, especialmente no seguimento dos efectos dos químicos nas traballadoras do agro.
- A exposición a pesticidas no sector agropecuario é un problema grave e esixe tomar medidas concretas para protexer a súa saúde e garantir un futuro máis seguro e sostible para todas as traballadoras do agro. Avanzar cara a modelos de produción máis respectuosos co medio ambiente e coa saúde das persoas é imprescindible. As prácticas agrícolas sostibles non só benefician ás traballadoras e consumidoras, senón que tamén contribúen á conservación dos ecosistemas e á loita contra o cambio climático.
- É crucial que estas mulleres coñezan os riscos específicos aos que están expostas e tomen as medidas preventivas necesarias para protexer a súa saúde. A prevención é a clave para evitar accidentes e enfermidades laborais. A través da formación, a información e o apoio institucional, podemos contribuír a mellorar as súas condicións de traballo e calidade de vida.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



sindicato
labrego galego
comisións labregas



sindicato labrego galego